



CONCELLO DE VILARDEVÓS

Paseo Manuel Núñez 36. 32616-Vilardevós (OURENSE) Tf: 988 417 004 e 988 417 032 Fax: 988 417 004 e 988 417 032. <http://www.vilardevos.org> Correo electrónico: alcaldia@vilardevos.org; secretaria@vilardevos.org; sociales@vilardevos.org; tle@vilardevos.org; intervencion@vilardevos.org

CONCELLO DE VILARDEVÓS

EDITO

A Alcaldía deste Concello de Vilardevós, pola Resolución de data 19 de maio de 2016, aprobou as bases as que se axustará a selección e contratación laboral temporal en réxime de interinidade, a tempo completo, ao abeiro do disposto no artigo 15.1 c) do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (BOE, 24 de outubro de 2015) e o Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro (BOE, 8 de xaneiro de 1999), polo que se desenvolve o devandito artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, de UN (1) albanel-oficial 2ª, como operario de servizos varios para substituír a un traballador deste Concello de Vilardevós -laboral fixo-, en situación de IT, con dereito a reserva do posto de traballo, para a conservación, mantemento, reparación, reposición e instalacións das redes e accesorios dos servizos municipais de alumado público, sumidoiros, auga, edificios municipais; custodia e control de todo o materiais que adquira o Concello para os citados servizos; a plantación e coidado de xardíns públicos, poda de árbores e entretenemento de instalacións deportivas, etc..., así coma calesqueira outras que pola Alcaldía se lle encomende e estean relacionadas co posto a que se opta

Modalidade contractual: contrato laboral temporal de interinidade.

Lugar e prazo de presentación de instancias: os/as candidatos/as preseleccionados polo Servizo Galego de Colocación poderán presentar as súas solicitudes -enviadas xunto coa preselección polo Servizo Galego de Colocación-, no Rexistro Xeral do Concello de Vilardevós ata o día **26 de maio de 2016** inclusive.

Documentación: achegaranse á instancia os méritos que se aleguen xunto cos documentos acreditativos destes e o curriculum vitae.

Poderanse consultar as bases para a contratación no taboleiro de anuncios do Concello de Vilardevós, en horario de 09.00 a 14.00 horas, durante o prazo de presentación de instancias por parte dos preseleccionados polo Servizo Galego de Colocación, e na páxina web <http://www.depourense.es/index.php/ofertasemprego-concellos>.

Vilardevós, 19 de maio de 2016.

O ALCALDE.



Asdo.: Manuel Cardoso Pérez.



CONCELLO DE VILARDEVÓS

CONCELLO DE VILARDEVÓS
(Ourense)

<http://www.depourense.es/index.php/es/ofertas-empleo-ayuntamientos>

Passo Manuel Núñez 30. 32010 Vilardevós (OURENSE) Tlf. 988 417 004 e 988 417 052 Fax: 988 417 004 e 988 417 052. alcaldia@vilardevos.org, secretario@vilardevos.org,
20 MAI. 2016

sociales@vilardevos.org, tle@vilardevos.org, intervencion@vilardevos.org

Registro Xeral de ENTRADA

Nº 1022

ÁLVARO A. PLATA GONZÁLEZ, SECRETARIO DO CONCELLO DE VILARDEVÓS (OURENSE).-----

CERTIFICO: Que a **Alcaldía** o día **dezanove de maio de dous mil dezaseis**, adoptou entre outros, o seguinte Decreto que copiado literalmente di así:

"DECRETO:

Vista a situación de IT, prolongada, na que se encontra o operario oficial 2ª deste Concello de Vilardevós con dereito a reserva do posto de traballo, e ao non dispoñer de persoal propio para cubrir dito posto de traballo, ao abeiro do disposto no artigo 15.1 c) do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (BOE, 24 de outubro de 2015) e o Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro (BOE, 8 de xaneiro de 1999), polo que se desenvolve o devandito artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, é necesario proceder a seleccionar UN (1) albanel-oficial 2ª, como operario de servizos varios, para substituír a dito traballador deste Concello de Vilardevós -laboral fixo-, en situación de IT, con dereito a reserva do posto de traballo.

Unha vez examinadas as bases para a contratación laboral temporal en réxime de interinidade, a tempo completo, ao abeiro do disposto no artigo 15.1 c) do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (BOE, 24 de outubro de 2015) e o Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro (BOE, 8 de xaneiro de 1999), polo que se desenvolve o devandito artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, de UN (1) albanel-oficial 2ª, como operario de servizos varios para substituír a un traballador deste Concello de Vilardevós -laboral fixo-, en situación de IT, con dereito a reserva do posto de traballo.

A duración do contrato de interinidade será a do tempo que dure a ausencia do traballador substituído con dereito á reserva do posto de traballo. O contrato deberá formalizarse sempre por escrito e deberá especificar con precisión e claridade o carácter da contratación, identificar ao traballador substituído e a causa da substitución. O contrato de interinidade extinguirase, previa denuncia de calquera das partes, cando se produza calquera das seguintes causas:

1. A reincorporación do traballador substituído.
2. O vencemento do prazo legal ou convencionalmente establecido para a reincorporación.
3. A extinción da causa que dio lugar á reserva do posto de traballo.

Sendo as súas funcións a conservación, mantemento, reparación, reposición e instalacións das redes e accesorios dos servizos municipais de alumado público, sumidoiros, auga, edificios municipais; custodia e control de todo o materiais que adquira o Concello para os citados servizos; a plantación e coidado de xardíns públicos, poda de árbores e entretenemento de instalacións deportivas, etc..., así coma calesqueira outras que pola Alcaldía se lle encomende e estean relacionadas co posto a que se opta.

E de conformidade coas miñas atribucións, e ao abeiro do disposto no artigo 21 letra g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis: 11/1999, do 21 de abril e 57/2003, do 16 de decembro, polo presente,

VEÑO EN RESOLVER:

Primeiro: Aprobar as bases para a contratación laboral temporal en réxime de interinidade, a tempo completo, ao abeiro do disposto no artigo 15.1 c) do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (BOE, 24 de outubro de 2015) e o Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro (BOE, 8 de xaneiro de 1999), polo que se desenvolve o devandito artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, de UN (1) albanel-oficial 2ª, como operario de servizos varios para substituír a un traballador deste Concello de Vilardevós -laboral fixo-, en situación de IT, con dereito a reserva do posto de traballo, para a conservación, mantemento, reparación, reposición e instalacións das redes e accesorios dos servizos municipais de alumado público, sumidoiros, auga, edificios municipais; custodia e control de todo o materiais que adquira o Concello para os citados servizos; a plantación e coidado de xardíns públicos, poda de árbores e entretenemento de instalacións deportivas, etc..., así coma calesqueira outras que pola Alcaldía se lle encomende e estean relacionadas co posto a que se opta, que din: "**BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONTRATO DE INTERINIDADE, A XORNADA COMPLETA, DE UN ALBANEL-2ª OFICIAL DE SERVICIOS VARIOS PARA A SUSTITUCIÓN DUN TRABALLADOR, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA O SERVIZO DENOMINADO "SERVICIOS VARIOS"**".

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal en réxime de interinidade, a tempo completo, ao abeiro do disposto no artigo 15.1 c) do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (BOE, 24 de outubro de 2015) e o Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro (BOE, 8 de xaneiro de 1999), polo que se desenvolve o devandito artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, de UN (1) albanel-oficial 2ª, como operario de servizos varios para substituír a un traballador deste Concello de Vilardevós -laboral fixo-, en situación de IT, con dereito a reserva do posto de traballo.

A duración do contrato de interinidade será a do tempo que dure a ausencia do traballador substituído con dereito á reserva do posto de traballo. O contrato deberá formalizarse sempre por escrito e deberá especificar con precisión e claridade o carácter da contratación, identificar ao traballador substituído e a causa da substitución. O contrato de interinidade extinguirase, previa denuncia de calquera das partes, cando se produza calquera das seguintes causas:

1. A reincorporación do traballador substituído.
2. O vencemento do prazo legal ou convencionalmente establecido para a reincorporación.
3. A extinción da causa que dio lugar á reserva do posto de traballo.

Son as súas funcións a conservación, mantemento, reparación, reposición e instalacións das redes e accesorios dos servizos municipais de alumado público, sumidoiros, auga, edificios municipais; custodia e control de todo o materiais que adquira o Concello para os citados servizos; a plantación e coidado de xardíns públicos, poda de árbores e entretenemento de instalacións deportivas, etc..., así

coma calesqueira outras que pola Alcaldía se lle encomende e estean relacionadas co posto a que se opta.

2.- REQUISITOS XERAIS DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte na selección será preciso reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, por parte dos preseleccionados polo Servizo Galego de Colocación e que estean debidamente xustificadas e conservadas, ao menos, ata a data da sinatura do correspondente contrato de traballo:

1. Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Poderán acceder así mesmo, ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, os estranxeiros que se atopen residindo legalmente en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre os dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral.

2. Ter cumpridos os 18 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima da xubilación forzosa.
3. Estar en posesión do certificado de estudos primarios ou equivalente, ou en condición de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse no seu día certificado para o efecto da Administración Autonómica competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
4. Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, é dicir, non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza á que se opta (anexo II).
5. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público (anexo II).

6. Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas (anexo II).

7. E estar en posesión, do permiso de condución clase B en vigor.

Todos os requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do/a solicitante o día que remate o prazo de presentación de solicitudes.

3.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

a) Preselección de candidatos/as mediante chamamento ao Servizo Galego de Colocación:

O Concello de Vilardevós presentará oferta xenérica de emprego no Servizo Galego de Colocación de Verín, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os/as aspirantes a ser contratados, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade a desenvolver, facendo constar a categoría profesional/posto a desenvolver. Sendo os requisitos específicos os seguintes:

- ✓ Estar inscrito, como demandante de emprego, no Servizo Galego de Colocación de Verín, dentro da categoría/ocupación de albanel-oficial 2ª, ou de similares características -conforme ao catálogo de ocupacións dispoñibles no Servizo Galego de Colocación e que se adapte a tales características-.
- ✓ Posuir carné de conducir tipo B, en vigor.
- ✓ Posuir coñecemento e/ou experiencia no posto ofertado, ou en ocupacións e/ou categorías profesionais relacionadas ou similares.

Este será o perfil profesional que deberá ser requirido e incorporado no momento de presentar a oferta xenérica de emprego no Servizo Galego de Colocación de Verín, e que será obxecto de valoración, aos efectos da selección do/a candidato/a a contratar, segundo os criterios fixados na base 2ª, que, en ningún caso, poderán conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación baseada en criterios persoais e/ou subxectivos e ao marxe dos principios de obxectividade e imparcialidade que deben guiar o presente proceso.

b) Sistema de selección de candidatos/as:

Unha vez remitidos ao Concello de Vilardevós, por parte do Servizo Galego de Colocación de Verín, a relación de candidatos/as preseleccionados/as para a súa posible contratación, conforme aos criterios e requisitos previamente solicitados, polo Servizo Galego de Colocación procederase a convocar aos/as candidatos/as preseleccionados para que se presenten no Rexistro xeral do Concello de Vilardevós e acompañen á solicitude -anexo I-, incorporado na carta que reciban, para que aporten a documentación relativa aos requisitos xerais -Base 2ª- e específicos -Base 3ª-, así como os méritos que reunan para que poidan ser valorados polo tribunal de selección.

Na citada convocatoria comunicada por carta polo Servizo Galego de Colocación de Verín, se fixará a data de remate de presentación de solicitudes acompañada da documentación necesaria para a súa valoración

As presentes bases publicaranse no Taboleiro de anuncios do Concello de Vilardevós, así como na páxina web da Deputación provincial de Ourense - <http://www.depourense.es/index.php/es/ofertas-emprego-ayuntamientos->, e mediante Decreto da Alcaldía se especificará o prazo máximo de presentación de solicitudes e documentación polos/as candidatos/as preseleccionados/as, relativa aos requisitos xerais e específicos e dos méritos que haberán de ser cualificados polo Tribunal de selección.

A documentación a aportar será a seguinte:

a) Fotocopia cotexada do DNI ou documento equivalente para xustificar a personalidade.

Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ó cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

E, así mesmo, os familiares dos anteriores deberán presentar ademais fotocopia compulsada dun documento que acredite esta condición.

Os extranxeiros deberán acreditar que están residindo legalmente en España.

b) Fotocopia cotexada do certificado de estudos primarios ou equivalente.

c) Documentación acreditada dos méritos alegados, en orixinais ou fotocopias validadas, pois non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos no momento da presentación da instancia, agás nos casos dos servizos prestados neste Concello, que serán certificados por persoal deste sempre que fosen alegados e cuantificados polos aspirantes nas solicitudes.

d) Acreditación da experiencia en postos similares, de ser o caso, mediante certificado de vida laboral, orixinal (ou fotocopia cotexada) expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, na que conste expresamente os períodos de alta e baixa no Sistema da Seguridade Social e os grupos de cotización e copia dos contratos de traballo.

O procedemento de selección consistirá nunha fase de concurso que se levará a cabo mediante a valoración dos méritos presentados e obxecto de puntuación, que virá determinada pola suma das puntuacións dos méritos valorados para cada aspirante, e outra de oposición.

A) FASE DE CONCURSO

O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte, sendo a puntuación máxima alcanzable de 8,00 puntos:

A1) EXPERIENCIA PROFESIONAL: Puntuación máxima: 4,00 puntos

1. Por cada mes completo de servizos remunerados prestados nas Administracións Públicas ou en empresas públicas dependentes das administracións estatal, autonómica e local, realizado en posto igual o similar: 0,05 puntos/mes ata un máximo de 1,50 puntos.

2. Por cada mes completo de servizos remunerados prestados en empresas privadas, realizado en posto igual o similar: 0,05 puntos/mes ata un máximo de 1,50 puntos.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar a documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e no que se perciba claramente a duración do contrato de traballo, a xornada de traballo, a ocupación e o servizo prestado; en caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo, deberá achegarse tamén un informe da vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou, no seu defecto, certificado de empresa.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de informe de vida laboral actualizado e copia validada dos contratos de traballo. Os servizos prestados na Administración Pública poderán ademais acreditarse mediante certificación expedida polo órgano competente. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

Soamente se terán en conta meses completos, non puntuándose períodos fraccionados.

A puntuación reducirase proporcionalmente cando os servizos prestados sexan a tempo parcial.

3. Por cada mes completo como demandante de emprego na oficina do Servizo Galego de Colocación: 0,10 puntos/mes ata un máximo de 1,00 punto.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar certificado da oficina do Servizo Galego de Colocación.

A2) COÑECEMENTO DO MEDIO FÍSICO DO CONCELLO DE VILARDEVÓS:

Por acreditar vinculación territorial do candidato/a ao ámbito municipal e o coñecemento da realidade física do Concello de Vilardevós, acreditaranse ambos mediante certificado de empadramento, sempre e cando a data de empadronamento sexa anterior á data de publicación da presente convocatoria: 1,00 punto.

A3) CURSOS RELACIONADOS COAS FUNCIÓNS A DESENVOLVER E ORGANIZADOS, BEN POR UNHA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, UNHA UNIVERSIDADE OU IMPARTIDOS POR EMPRESAS PRIVADAS HOMOLOGADAS POR UNHA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

- Por cursos de 10 ata 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 21 ata 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 ata 100 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos

Nos cursos que non se especifique a duración das horas non serán valorados.

A valoración máxima dos cursos será de 3,00 puntos.

Non serán obxecto de valoración as certificacións de academias privadas se non se xustifica a preceptiva homologación.

Únicamente se atenderá os cursos acreditados segundo o exposto, non valorándose xornadas, conferencias, seminarios, etc...

A formación dos/as candidatos/as acreditarase mediante a presentación de copia validada dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 10 horas, e puntuarase con 0,05 puntos por curso.

B) FASE DE OPOSICIÓN

B1) PROBA PRÁCTICA: Consistirá na realización ou resolución de probas prácticas sobre as funcións propias do posto de traballo, no tempo máximo de corenta (40) minutos e na forma que sinale o Tribunal de selección, podendo ser tanto de carácter oral ou escrita. Valorarase a profundidade de coñecementos, claridade e rigor na exposición e a adecuación das conclusións. A valoración será de 0 a 8 puntos, quedando eliminados os que non obteñan catro (4) puntos.

B2) ENTREVISTA: Realizarase unha entrevista de carácter persoal sobre os méritos adecuados ás características do posto de traballo. Á entrevista daráselle ata un máximo de 4 puntos.

4.- LISTAXE DE ADMITIDOS/EXCLUÍDOS.

Rematado o prazo fixado na base anterior, a Alcaldía ditará unha Resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos e excluídos, fixará a composición do Tribunal e a data da celebración das probas, no prazo máximo de dez (10) días hábiles como norma xeral dende a finalización do prazo fixado na base anterior, xa que este prazo poderá ser ampliado cando resulte necesario como consecuencia do número de solicitudes recibidas ou dos trámites de estudo da documentación presentada.

Estas listas provisionais serán expostas no Taboleiro de anuncios do Concello así como na páxina web da Deputación provincial de Ourense (<http://www.depourense.es/index.php/es/ofertas-empleo-ayuntamientos>), concedéndose un prazo de dous (2) días hábiles para efectos de reclamacións e correccións de deficiencias. Se as houberse serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se fará pública na mesma forma. Esta última data será determinante nos prazos para impugnacións ou recursos.

5.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O Tribunal, estará formado por cinco (5) membros, integrado por un Presidente, tres vogais e un Secretario que actuará con voz pero sen voto, que terá como función a valoración dos méritos achegados polos/as aspirantes preseleccionados pola Servizo Público de Emprego, estará integrado polos seguintes membros, sendo nomeados polo sr. alcalde-presidente da corporación:

- Presidente/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral dunha administración pública, suplente: un/ha funcionario/a ou persoal laboral dunha administración pública.
- Secretario/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral dunha administración pública, suplente: un/ha funcionario/a ou persoal laboral dunha administración pública.

- Vogais: Tres funcionarios/as ou persoal laboral dunha administración pública, suplentes: Tres funcionarios/as ou persoal laboral dunha administración pública.

Tenderase a que os membros do tribunal sexan persoal do propio concello, non tendo dereito a percibir as indemnizacións por asistencia correspondentes segundo o Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón del servizo. En caso contrario, no suposto de que forme parte do Tribunal algunha persoa allea ao concello, entón si terá dereito a percibir a mencionada indemnización.

Segundo o disposto no artigo 60 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O Tribunal poderá dispor a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, quen se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao sr. alcalde-presidente, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou se realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do Tribunal poderá requirir aos membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 28 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do Tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei 30/1992, de 28 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6.-RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

Unha vez concluído o proceso de selección, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Vilardevós a relación de candidatos/as, pola orde de puntuación acadada, con indicación da cualificación obtida, así como do documento nacional de identidade, elevando a dita proposta á Alcaldía.

O Alcaldía ditará resolución, aprobando a lista definitiva, de acordo coa orde de puntuación obtido no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación temporal.

Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Vilardevós como na páxina web da Deputación provincial de Ourense (<http://www.depourense.es/index.php/es/ofertas-empleo-ayuntamientos>).

7.-CONTRATACIÓN.

O Tribunal elevará á Presidencia do Concello de Vilardevós a proposta de contrato a favor do que acadaran a maior puntuación.

O/a integrante que obteña a maior puntuación no proceso selectivo, deberá presentar, no prazo que se estableza, como requisito previo e imprescindible para poder proceder á súa contratación, orixinais ou fotocopias cotexadas da seguinte documentación:

- Certificado médico.
- Tarxeta de desemprego expedida polo Servizo Galego de Colocación. (Se é o caso).
- Do permiso de condución da clase B.

O/A aspirante seleccionado/a deberán incorporarse ao seu posto de traballo no prazo máximo de tres días contados a partir do día seguinte ao que se lle notifique a resolución.

Se o/a aspirante proposto non se incorporase dentro do prazo previsto, será eliminado e procederase á contratación do aspirante seguinte, de ser o caso, respecto aos cales lles será de aplicación o mesmo prazo previsto no epígrafe anterior.

As contratacións deberán axustarse ás normas legais e regulamentarias en materia de contratos laborais de natureza temporal.

A non presentación no posto de traballo, no día e hora indicados, para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

8.- INCIDENCIAS.

O Tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

As comunicacións sobre incidencias relativas ás actuacións dos tribunais poderán dirixirse á Alcaldía.

Contra a resolución da Alcaldía, de aprobación das bases, que pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpor, con carácter potestativo, un recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, computados os ditos prazos a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello

de Vilardevós e na páxina web da Deputación provincial de Ourense (<http://www.depourense.es/index.php/es/ofertas-emprego-ayuntamientos>).

Os acordos do Tribunal de selección, se concorren os supostos establecidos no artigo 107.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán ser impugnados mediante a interposición de recurso de alzada ante o mesmo órgano ou ante o órgano superior xerárquico, no prazo dun mes contado a partir do día da súa publicación.

9.- DESCRIPCIÓN DO POSTO DE TRABAJO.

9.1. Dotación económica: as do traballador sustituido.

9.2. Requisitos esixidos: ademais das xerais esixidas nas bases desta convocatoria os/as candidatos/as deberán reunir os seguintes:

- Ningún.

9.3. Número de prazas que se convocan: unha.

9.4. Horario laboral: será conforme á planificación dos traballos que para o efecto sinala a Alcaldía, distribuída segundo as necesidades do servizo, respectando en todo caso o cumprimento máximo de horas prevista na normativa vixente.

9.5. Funcións: as propias do posto de traballo.

9.6. Sistema de selección: concurso-oposición.

9.7. Duración do contrato: ata a finalización da IT ou reincorporación do traballador á empresa, o ata a extinción ou suspensión do seu contrato de traballo polo recoñecemento dunha invalidez permanente.

9.8. Xornada: xornada completa."

Segundo: Fixar na data 26 de maio de 2016, como a data límite de presentación de solicitudes e documentación polos/as candidatos/as preseleccionados/as polo Servizo Galego de Colocación, relativa aos requisitos xerais e específicos e dos méritos que haberán de ser cualificados polo Tribunal de selección."

E para que conste no expediente da súa razón, expido a presente, de orde e co visto e praxe do sr. alcalde-presidente, D. Manuel Cardoso Pérez, en Vilardevós, a dezanove de maio de dous mil dezaseis.-----

